

Aberto o prazo de inscrición para as Escolas Deportivas de Fútbol e Fútbol Sala do Concello de Verín tempada 2024-2025

Verín, 01 de agosto de 2024. A área de Deportes do Concello de Verín informa que hoxe abre o prazo de inscrición para as disciplinas de Fútbol e Fútbol Sala impartidas nas Escolas Deportivas Municipais do Complexo Deportivo da Granxa.

O prazo de solicitudes estará aberto entre o 01 de agosto e o 20 de agosto. A lista de admitidos confeccionarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes. Para a prestación do servizo de cada unha das modalidades deportivas ofertadas será necesario que a porcentaxe de rexistrados na actividade consiga o mínimo pertinente considerado pola organización.

Todas as persoas interesadas en inscribirse nalgunha das disciplinas deberán enviar asinada a documentación que se atopa dispoñible na web oficial do Concello de Verín (www.verin.gal) ao mail das escolas deportivas: efcverin@hotmail.com. No caso de non enviar algún dos documento solicitados, o menor non poderá iniciar a actividade deportiva.

Para máis información, ademais de consultar a páxina web municipal, todos os interesados poden chamar ao teléfono 660 776 564.

AS CATEGORIAS POR IDADES SON AS SEGUINTEs

- XUVENIS (NENOS NADOS 2006-2007-2008)
 - CADETES (NENOS NADOS NO 2009-2010)
 - INFANTIS (NEN@S NADOS NO 2011-2012)
 - ALEVINS (NEN@S NADOS NO 2013-2014)
 - BENXAMINS (NEN@S NADOS NO 2015-2016)
 - PREBENXAMINS (NEN@S DADOS NO 2017-2018)
 - BIBERÓNS (NEN@S NADOS NO 2019-2020)
-
- **DOCUMENTOS A ENVIAR O CORREO efcverin@hotmail.com (OBRIGATORIO TODOS OS DOCUMENTOS ANTES DE QUE COMENCEN OS ADESTRAMENTOS)**

-FOLLA INSCRIPCIÓN TEMPORADA 2023-2024 (REENVIAR FIRMADA)

-XUSTIFICANTE DE PAGO CUOTA 150€

Nº CONTA **CAJA RURAL ES74 3085 0082 5927 4607 1121**

(IMPORTANTE QUE APAREZCA O NOME DO NEN@S,)

-PROTECCIÓN DE DATOS (REENVIAR FIRMADA)

-REGULAMENTO DAS EDC VERIN(estas son para que se queden con elas os nen@s)

-FOTOCOPIA DE DNI

-FOTO TIPO CARNET

